

<i>Dependencia</i> SRB.- Negociado de Servicios Básicos, Mercados e Transportes 98.- ISAVA		
<i>Documento</i> SRB11S1BE	<i>Expediente</i> SRB/1138/2017	215/2017

15078DSRB11S1BE:



Asunto

Notificación de Resolución/Acuerdo. PROBA PREVIA A
OBTENCION DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR.
DATA 31 DE XANEIRO DE 2018

Destinatario

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
OFICINA DE ATENCIÓN AO CIUDAN
Vía No Especificada

Poño no seu coñecemento que o CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIUDANS, DEREITO A VIVENDA, MOBILIDADE E RELACIONES VECIÑAIS con data 6-11-2017, ditou entre outras a seguinte resolución:

“O artigo 22 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece que os condutores ou condutoras deberán posuír o correspondente permiso de conducción establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que regulamentariamente se estableza.

No seu apartado “2” sinala que “as disposicións de desenvolvemento desta lei poderán establecer uns requisitos mínimos de capacitación profesional, que virán determinados pola acreditación de coñecementos relativos á normativa aplicable ao servizo de taxi, a itinerarios e, en xeral, sobre as necesidades para a adecuada atención ás persoas usuarias e correcta prestación do servizo, así como para atender persoas con algunha discapacidade física ou psíquica, limitacións sensoriais, mobilidade reducida e mulleres xestantes”.

O actualmente derogado Regulamento do servizo de transporte urbano de automóviles de aluguer con condutor regulaba no seu artigo 23 e seguintes a expedición do Permiso Municipal de Conductor, que se condicionaba á superación dunha proba escrita na que se acreditara un coñecemento mínimo do termo municipal, rúas da Cidade, monumentos, emprazamentos de institucións públicas, núcleos de poboación, etc.

Á espera da regulación prevista no artigo 22.2) da Lei 4/2013, citada, e co obxecto de atender as actuais solicitudes de obtención do permiso municipal de conductor nas mesmas condicións que as que se viñan esixindo ata a derogación do regulamento do servizo, e en atribución das competencias delegadas polo decreto de alcaldía de data 28.6.2017 e en virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro,

RESOLVO:

1. Establecer unha proba para a obtención do permiso municipal de conductor consistente na realización dun cuestionario por escrito no que se formularán oito preguntas relativas a ubicación de rúas, prazas e núcleos de poboación do termo municipal de Santiago de Compostela, emprazamentos de sedes da Administración Pública, monumentos, edificios de interese, etc; e catro itinerarios nos que se facilitará un punto de saída e un de chegada, debendo indicar o nome das rúas polas que se poden levar a cabo, polo percorrido máis curto e respecto dos sinais de tráfico.
2. A dita proba celebrarase o vindeiro **31 de xaneiro de 2018 ás 9:00 horas no Centro Sociocultural de Vite.**
3. Que a comisión seleccionadora da dita proba estea formada por: D. Jorge Carlos Duarte Vázquez, Concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais, D. Luís Alberto López García, inspector técnico de servizos e D. Juan L. Pena Quintáns, xefe de negociado de servizos básicos, mercados e transportes .
4. Que o prazo para a presentación de solicitudes rematará o día **29 de decembro de 2017**



CONCELLO DE
SANTIAGO

Dependencia SRB.- Negociado de Servicios Básicos, Mercados e Transportes 98.- ISAVA		
Documento SRB11S1BE	Expediente SRB/1138/2017	215/2017

Sello o Certificación Mecánica

5. As solicitudes para tomar parte na proba dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares indicados na lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Á solicitude deberase achegar a seguinte documentación:
- a. Carné de conducir expedido pola Xefatura de Tráfico, coa categoría esixida polo Código de Circulación para a modalidade de autotaxi.
 - b. 2 fotografías tamaño carné
- 6.- A lista de admitidos e excluídos, publicarase na web do Concello (www.santiagodecompostela.gal).
- 7.- Notifíquese esta Resolución aos interesados e servizos municipais correspondentes"

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 09 de novembro de 2017

